

**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de xullo de dous mil dezasete aprobou o seguinte:

**“25.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.**

- 1º. Aprobar a Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña na que se incorpora como documentación complementaria á Conta Xeral a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2016, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.
- 2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a Conta, unha vez que se aprobe definitivamente.
- 3º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a información que contén a Conta Xeral do Orzamento da Deputación e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2016, para xeral coñecemento.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe da Sra. Presidenta en funcións na Coruña, a dous de agosto de dous mil dezasete.

Vº e Pr.

A PRESIDENTA  
EN FUNCIÓNS



A Excm. Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2017 aprobou o seguinte:


**“25.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.**

- 1º. Aprobar a Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña na que se incorpora como documentación complementaria á Conta Xeral a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2016, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.
- 2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a Conta, unha vez que se aprobe definitivamente.
- 3º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a información que contén a Conta Xeral do Orzamento da Deputación e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2016, para xeral coñecemento.”

O que traslado a Vde. para o seu coñecemento e efectos.

A Coruña, 1 de agosto de 2017

O secretario xeral



José Luis Almaru Supervía



**Astº.: Certificado acordo plenario de aprobación  
Refª.: Conta xeral de 2016**

MARÍA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA :

Que segundo se desprende do borrador da Acta ao que expresamente me remito, resulta que o día vinte e oito de xullo de dous mil dezasete (28.07.2017) reuniuse o Pleno deste Consorcio nunha sesión extraordinaria urxente na que, entre outros, adoptouse o acordo que a continuación queda transcrito:

**<<3º. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Consorcio do exercicio 2016.**

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2016 que está informada pola Comisión especial de Contas en sesión do 29 de maio do presente e que, tras o sometemento a exposición pública e para presentación de reclamacións, reparos ou observacións, resulta non terse presentado ningún, polo que cómpre realizar á súa aprobación co fin da remisión para fiscalización externa. Lémbrese que dita conta está confeccionada cos documentos e de conformidade co establecido polo art. 212 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo en relación coa regra 44 e seguintes da Instrución de Contabilidade Modelo Sical-Normal, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 3 de outubro e cuxo expediente para a aprobación, contráese ao seguinte:

- A incoación do expediente pola Presidencia o 8 de maio de 2017.
- Informe de Secretaría de 23 de maio de 2017.
- Informe da Intervención do 23 de maio de 2017.
- Informe da Comisión Especial de Contas en 29 de maio de 2017.
- Anuncio publicado no Boletín oficial da provincia da Coruña núm. 104 de 5 de xuño de 2017.
- Certificado da secretaria sobre prazo de exposición pública e para presentación reclamacións, reparos ou observacións, e inexistencia dos mesmos, de data 24 de xullo de 2017.

Procede pois, tal e como se indica na documentación remitida, prestar aprobación á dita Conta co fin de continuar as actuacións legalmente establecidas, polo que, ao non ser promovido debate, a Presidencia somete o asunto a votación ordinaria, de forma que por unanimidade dos asistentes (catro votos a favor correspondentes a D. Valentín González Formoso, D. José Antonio Fernández López, D. José Luis García García e Dª. Ánxela Franco Pouso), adóptanse os seguintes:

**ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón e ratificar o contido íntegro do expediente de referencia por encontrar que a súa tramitación, formación e execución, áchanse axustadas, a canto determinan a tales efectos o art. 212, apartados 1, 2 e 3, da Lei reguladora das facendas locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto







lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, aos arts. 114, 115 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e Instrucción de Contabilidade Modelo Sical-Normal, aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 3 de outubro e demais disposicións de aplicación.

**SEGUNDO.-** De conformidade co disposto polo art. 212.4 do Texto legal citado e dentro dos límites establecidos pola regra 49 da indicada Instrucción, aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2016 tal e como se presenta e con todos os documentos que a integran.

**TERCEIRO.-** Remitir por medio dos soportes que sexan requiridos, a documentación que da dita Conta proceda, ao Consello de Contas de Galicia que deixa debidamente realizada a rendición externa logo do Convenio asinado por dito Consello máis o Tribunal de Contas en 27.06.2011, de conformidade coas normas citadas no apartado PRIMEIRO deste acordo.


**CUARTO.-** Outorgar ao Sr. Presidente os poderes que precise para alcanzar a eficacia do presente acordo do que deberá emitirse certificación para constancia na unión co expediente de orixe.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, con advertencia expresa da excepción que sobre a aprobación da acta da sesión ao principio sinalada realiza o art. 206 do Regulamento aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e de orde e co visto e praxe do Iltmo. Sr. Presidente, en Carballo a un de setembro de dous mil dezasete.



V.º e pr.  
O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso  
O Presidente



Secretaría  
Intervención



CÚMPLASE  
Presidencia en  
funcións

O Secretario



**COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR.**

**Reunión do** 20 de xullo de 2017

**Preside:** ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

**Deputados/as**

**Asistentes:** BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JOSÉ GARCÍA LIÑARES (en substitución de Juan Vicente Penabad Muras), MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, XOSÉ REGUEIRA VARELA (en substitución de Xesús Manuel Soto Vivero), MANUEL RIVAS CARIDAD, JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ (en substitución de Susana García Gómez), JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ (en substitución de Mariel Padín Fernández), GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL (en substitución de Eduardo José Parga Veiga), LUIS RUBIDO RAMONDE, CLAUDIA DELSO CARREIRA e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

**Escusado:** MANUEL DIOS DIZ

**Presentes:** JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA, (Interventor Xeral), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro), ANA MARÍA MARCOS GARCÍA (Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos)

**Secretaria:** MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.**

Esta Comisión adopta o seguinte acordo:

- 1º. Aprobado a Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña na que se incorpora como documentación complementaria á Conta Xeral a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2016, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita Conta.
- 2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a Conta, unha vez que se aprobe definitivamente.
- 3º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a información que contén a Conta Xeral do Orzamento da Deputación e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2016, para xeral coñecemento.

Este ditame apróbase por unanimidade.

O presidente

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria

Mª José Vázquez Sesmonde



**Deputación  
DA CORUÑA**

**SERVIZO DE ORZAMENTOS,  
E ASISTENCIA ECONÓMICA  
A CONCELLOS  
Sección I**

**D. José Luis Almau Supervía**, secretario xeral da Excma. Deputación Provincial da Coruña, da que é presidente **D. Valentín González Formoso**,

**Certifica:**

Que a Conta Xeral do orzamento do exercicio 2016 publicouse por anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 104 do día 05 de xuño de 2017 e expúxose ao público por un prazo de quince días hábiles conforme ao disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, sen que durante o dito prazo, e oito días máis, se presentara reclamación ningunha contra o a mesma.

Expido o presente certificado para que produza os efectos oportunos e se achegue ó respectivo expediente, de orde e co visto e prace do Sr. Presidente, na Coruña, a dez de xullo de dos mil dezasete.

**V. e Pr.  
O presidente**



M<sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde  
Xefa da Sección I

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

*Conta xeral do exercicio 2016*

#### ANUNCIO

Exponse ao público a **Conta Xeral do orzamento do exercicio 2016** desta Deputación Provincial ditaminada pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior do día 29 de maio de 2017, e de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante estes, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

A Coruña, 30 de maio de 2017

O Presidente,

Valentín González Formoso

O Secretario,

José Luis Almu Supervía

2017/4734





**Astº.: Certificado de exposición pública e resultado**  
**Refª.: Conta Xeral do exercicio de 2016**

M. GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA,

CERTIFICA:


Que segundo se desprende do expediente que se está a tramitar para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2016 arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que respecto da exposición pública da dita Conta e o resultado respecto da presentación de reclamacións, reparos ou observacións, os extremos seguintes:

1. Que en sesión do día 29 de maio de 2017, xuntouse a Comisión Especial de Contas deste Consorcio, emitindo informe favorable sobre a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2016 e dispoñendo o inicio dos trámites recollidos ao efecto polo art. 212 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a regra 49 da Instrucción de Contabilidade Modelo Sical Normal aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.
2. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 104 de data cinco de xuño de dous mil dezasete (05.06.2017), apareceu inserto o anuncio ao que fai referencia o apartado 3 do artigo 212 LRFL.
3. Que, na mesma data anterior, inseriuse copia do anuncio citado no Taboleiro de Anuncios do Consorcio.
4. Que, en concordancia coa citada data de publicación, o prazo de exposición pública da devandita Conta, transcorreu, desde o día 06 de xuño de 2017 ata o día 26 de xuño de 2017 (ámbolos dous incluídos).
5. Que o prazo de presentación de reclamacións polos interesados lexítimos, era dos quince días anteriores e oito días hábiles máis, transcorrendo, na súa consecuencia, desde o día 6 de xuño de 2017 ata o día 06 de xullo de 2017 (tamén incluídos os dous citados).
6. Que durante o prazo ao que se fai referencia no apartado que precede e ata o da data da emisión do presente documento, non consta no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Consorcio, a presentación de reclamación, alegación, reparo ou observación ningún contra a devandita Conta Xeral ou o seu expediente.

E, para que así conste e na unión co expediente de orixe xurda os seus debidos efectos, emito a presente Certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a vinte e catro de xullo de dous mil dezasete.

v.º e pr.  
O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso





## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONSORCIOS

#### CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

*Exposición pública conta xeral exercicio 2016*

##### ANUNCIO

Exponse ao público a **Conta Xeral do presuposto do exercicio 2016** deste Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña, ditaminada pola Comisión Especial de Contas do día 29 de maio de 2017, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Secretaría Intervención do Consorcio por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e durante estes, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

Carballo, 31 de maio de 2017

O Presidente,

Asdo.- Valentín González Formoso

2017/4649



**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS  
E ASISTENCIA ECONÓMICA  
SECCIÓN I

## ANUNCIO

Exponse ao público a **Conta Xeral do orzamento do exercicio 2016** desta Deputación Provincial ditaminada pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior do día 29 de maio de 2017, e de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante estes, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

A Coruña, 30 de maio de 2017

O Presidente,



Valentín González Formoso

O Secretario,



Jose Luis Almar Supervía

**COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR.**

**Reunión do** 29 de maio de 2017

**Preside:** ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

**Deputados/as:**

**Asistentes:** JULIO SACRISTÁN DE DIEGO (en substitución de Juan Vicente Penabad Muras), MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, XESÚS MANUEL SOTO VIVERO, MANUEL RIVAS CARIDAD, MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ, EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA, LUIS RUBIDO RAMONDE, MARÍA ROCIO FRAGA SÁENZ (en substitución de Claudia Delso Carreira) e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

**Non asisten:** DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO e DONA SUSANA GARCÍA GÓMEZ

**Escusado:** DON MANUEL DIOS DIZ

**Presentes:** JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA (Interventor xeral); MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial maior); MARIA DEL PILAR VÁZQUEZ PÉREZ (Xefa do Servizo de Contabilidade) e MARÍA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA (Interventora do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña)

**Secretaria:** MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**CONTA XERAL EXERCICIO 2016:**

- **Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2016.**
- **Conta Xeral do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2016.**

Unha vez analizado o expediente que contén os seguintes documentos:

(de conformidade co art. 212.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, co art. 212 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e coas regras 44 a 48 da Instrución do modelo normal de contabilidade local aprobado por la Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro)

**DOCUMENTACIÓN CONTA XERAL 2016**

• **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

- **Introdución**
- **Balance**
- **Conta do resultado económico- patrimonial**
- **Estado de cambios no patrimonio neto**
- **Estado de fluxos de efectivo**
- **Estado de liquidación do presuposto**
- **Memoria:**

1. Organización e actividade



2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración
3. Bases de presentación das contas
4. Normas de recoñecemento e valoración
5. Inmobilizacións materiais
6. Patrimonio público do solo
7. Investimentos inmobiliarios
8. Inmobilizacións intanxibles
9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
10. Activos financeiros
11. Pasivos financeiros
13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias
15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos
16. Provisións e continxencias
17. Información sobre o medio ambiente
18. Activos en estado de venda
19. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial.
20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.
21. Operacións non presupostarias de tesourería
22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación
23. Valores recibidos en depósito
24. Información orzamentaria
25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios
28. Feitos posteriores ao peche
29. Aspectos derivados da transición das novas normas contables
30. Estado de conciliación bancaria
31. Balance de comprobación

**-Documentación complementaria á conta:**

- a) Actas de arqueo das existencias en caixa referidas ao fin do exercicio
- b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nelas, referidos ao fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria
- c) Estado conciliatorio entre saldos contables e os bancarios
- d) Reparos de legalidade do interventor, tesoureiro e secretario
- e) Memoria da Presidencia. Cumprimento dos obxectivos programados
- f) **Conta Xeral do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2015:**
  1. **Balance**
  2. **Conta do resultado económico – patrimonial**
  3. **Estado de cambios no patrimonio neto**
  4. **Estado de fluxos de efectivo**
  5. **Estado de liquidación do orzamento:**
  6. **Memoria:**
    1. Organización e actividade.
    2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración
    3. Bases de presentación das contas
    4. Normas de recoñecemento e valoración
    5. Inmobilizado material
    6. Patrimonio público do solo
    7. Investimentos inmobiliarios
    8. Inmobilizado intanxible

9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar
10. Activos financeiros
11. Pasivos financeiros
12. Coberturas contables
13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias
14. Moeda estranxeira
15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos
16. Provisións e continxencias
17. Información sobre medio ambiente
18. Activos en estado de venda
19. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial
20. Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos
21. Operacións non orzamentarias de tesourería
22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación
23. Valores recibidos en depósito
24. Información orzamentaria
25. Indicadores financeiros, patrimoniais, e orzamentarios
26. Información sobre o custe das actividades
27. Indicadores de xestión
28. Feitos posteriores ao peche
29. Aspectos derivados da transición ás novas normas (Non procede)
30. Estados de conciliación bancaria
31. Balance de comprobación

**7. Acta de arqueo a 31 de decembro de 2016**

**8. Notas entidades bancarias das existencias a 31.12.2016, da caixa da Corporación e Estado Tesourería**

**9. Outros documentos complementarios**

- a) Estados de gastos e ingresos aprobados inicialmente
- b) Relación nominal de acredores e debedores

**10. Expediente de aprobación da Conta Xeral exercicio 2016**

Esta Comisión adopta o seguinte acordo:

**1º.** Informar favorablemente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial na que se incorpora como documentación complementaria á Conta Xeral a do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2016, de conformidade co establecido no art. 212.2 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e nas regras 44 a 48 da ICL, aprobada pola orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro.

**2º.** Dispoñer a súa exposición pública por un prazo de 15 días e 8 máis, para os efectos de presentación de reclamacións, reparos ou observacións, de acordo co disposto no art. 212.3 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e a regra 45 da ICL.

**3º.** Sometela ao Pleno da Corporación, transcorrido o dito prazo. De presentárense reclamacións, reparos ou observacións, será preciso un novo informe desta Comisión antes da remisión ao Pleno para a súa aprobación, segundo establece o art. 212.3 e 4 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e a regra 49 da ICL.

4º. Remítala ao Tribunal de Contas e o Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da ICL, así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.

Este ditame apróbase por unanimidade.

O presidente

Antonio Leira Piñeiro



A secretaria

Mª José Vázquez Sesmonde







Posta a disposición da Conta Xeral do orzamento de 2016

COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

  
GRUPO SOCIALISTA

GRUPO NACIONALISTA

GRUPO POPULAR

GRUPO MAREA ATLANTICA

GRUPO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

GRUPO COMPOSTELA ABERTA

EL MUNDO DOS  
VECINOS

Alternativa  
dos Veciños





**Astº.: Certificado do informe da Comisión Especial de Contas**  
**Refª.: Conta Xeral Exercicio de 2016**

M. GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que a Comisión I. Especial de Contas, resulta que o vinte e nove de maio de dous mil dezasete (29.05.2017) reuniuse dita Comisión e, emitiu o ditame que literalmente se transcribe a continuación:

**<<SEGUNDO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015.-**

*Dáse conta do expediente comprensivo da Conta Xeral correspondente ó exercicio económico e contable de 2016, faise referencia algúns dos resultados obtidos que se consideran de interese.*

*A Comisión, unha vez realizadas as valoracións e análise correspondente, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte informe:*

**1º.** *Considerar que na elaboración, formación e tramitación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2016, quedan observadas as prescricións ao efecto contidas nos arts. 208 e seguintes, da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, art. 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Instrución do modelo normal de contabilidade local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro; e demais de concordancia.*

**2º.** *En congruencia co indicado no apartado anterior, informar favorablemente o expediente e a Conta Xeral de 2016, dentro dos límites establecidos na regra 44 e seguintes da dita Instrución de Contabilidade.*


**3º.** *Consonte co previsto polo art. 212 do Texto refundido citado e regra 49 da mencionada Instrución, proceder á exposición pública da Conta Xeral xunto co seu expediente, no que, necesariamente, deberase incorporar certificación do presente ditame, mediante a inserción do anuncio correspondente no "Boletín Oficial" desta provincia, co fin de que, durante o prazo de quince días hábiles poda examinarse e, durante ese mesmo prazo e oito días máis, podan os interesados presentar reclamacións, reparos ou observacións, que, en tal caso, serán examinados por esta Comisión, actuándose, en todo caso, conforme establecen o artigo e regra ao principio sinalados, para que, finalmente, poida procederse a aprobación, polo Pleno do Consorcio, da Conta Xeral de 2016, e remitir a mesma ao Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas, aos efectos establecidos de fiscalización externa establecidos nas citadas normas.>>*

E, para que así conste e na unión co expediente de referencia xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, coa salvidade do establecido no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e a reserva dos termos que resulten da aprobación de acta correspondente; en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do Regulamento aprobado polo Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e de orde, e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a trinta de maio de dous mil dezasete.

V.º e pr.  
O presidente,

Secretaria  
Intervención

Asdo.: Valentín González Formoso.





**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS  
E ASISTENCIA ECONÓMICA  
A CONCELLOS  
Sección I

COPIA

**Asunto:** Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2016 da Deputación Provincial e do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña

**Referencia:** Comisión informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

De conformidade co que establece o artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que se aprobou polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e co fin de cumprir co que dispoñen os apartados 3 e 4 do artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poño no seu coñecemento que a conta xeral do orzamento desta Deputación Provincial e do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do ano 2016, e a súa documentación complementaria, atoparase á disposición dos deputados e deputadas integrantes da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior nas dependencias da Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos a partir do día 2 de maio de 2017.

A información sobre a Liquidación do Orzamento do exercicio 2016 está á súa disposición na páxina de internet da Deputación, no seguinte enlace:

<https://www.dicoruna.es/economia-facenda/>

A sesión da comisión na que se ditaminará esta Conta Xeral está prevista, inicialmente, para o día 29 de maio na sala de comisións do Pazo Provincial, ás 17:00 horas.

A Coruña, 28 de abril de 2017

A Secretaria da Comisión de Economía, Facenda,  
Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

María José Vázquez Sesmonde